


## CRISE CORONAVIRUS

# O tráfico na AP-9, de 22.125 a 5.070 coches por día coas restricións da mobilidade

- **A concesionaria mantén os equipos necesarios para a seguridade na vía**

Evolución do tráfico na AP-9

Intensidade Media Diaria (IMD) en todos os tramos



Datos: Autopistas del Atlántico S.A.

\*Dato oficial do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana

\*\*Restrición de mobilidade decretada polo Goberno o 14.03.2020

**24.03.2020.** A primeira semana completa de restricións pola crise do coronavirus constata unha drástica redución da mobilidade e o tráfico na AP-9 se a comparamos co mes de marzo de 2019. Se en marzo do ano pasado a IMD (intensidade media diaria de vehículos) era de 22.125 vehículos, a semana pasada a IMD pasou a ser de 5.070 coches ao día.

Na comparación coa semana anterior (9-15 de marzo), a semana do 16-22 de marzo presenta una redución de vehículos dun 68%, pasando dos 15.624 vehículos de IMD aos 5.070 vehículos ao día en todos os tramos da autoestrada (gratuítos e de pago).

No que vai de 2020, o tráfico na Autoestrada do Atlántico descendeu un 21,44% con respecto ao conxunto de todo o 2019, ata os 19.173 vehículos diarios, e un 20,23% en comparación con 2018.

### **Mantense o persoal de apoio nas peaxes**

Autopistas del Atlántico mantén a tarxeta bancaria e *contactless* e o sistema de telepeaxe como formas de pago preferente na autoestrada e dispón de persoal de apoio aos condutores en cada peaxe, por se fose necesario. Continúan activos tamén os equipos de profesionais que velan para que a vía cumpra todos os requisitos en relación á seguridade dos usuarios.

A concesionaria vén de activar a vía de teletraballo para os traballadores e traballadoras que poidan desenvolver a súa actividade profesional mediante esta modalidade, co inicio da instalación dos equipos necesarios para este fin.